

METODOLOXÍA

Neste parágrafo describimos o conxunto de procedementos que imos empregar para acadar o dominio dos contidos e o logro dos obxectivos. Neste sentido, consideramos elementos clave:

- A perspectiva de uso do idioma para ensinalo e aprendelo; seleccionaremos os contidos segundo a súa funcionalidade, o nivel de lingua ou as necesidades e intereses específicos do alumnado;
- O fomento do emprego da lingua meta como vehículo de comunicación na aula e nos contextos externos nos que se relacionan as persoas que aprenden entre si ou coa docente;
- A orientación do ensino cara ao desenvolvemento de actividades prácticas de lingua: fixaremos proxectos globais acordados co alumnado, motivadores e útiles para elaborar o seu portfolio lingüístico. Así mesmo, estableceremos tarefas reais no idioma que impliquen o uso dos contidos e estratexias aprendidos e que contribúan ao desenvolvemento do proxecto final;
- O fomento da autonomía do alumnado a través de propostas didácticas que impliquen a inferencia dos contidos e a asimilación de técnicas, o emprego de recursos e as estratexias individuais para facilitar a aprendizaxe do idioma. Así mesmo, a promoción do traballo en grupo, entre iguais, para reforzar a aprendizaxe individual e a resolución de tarefas.

O obxectivo principal das nosas aulas vai ser a comunicación e a aprendizaxe das características específicas do contexto sociolingüístico e sociocultural en que se emprega o idioma. Por iso, utilizamos desde o principio a lingua meta como vehicular, favorecendo así o contacto constante do alumnado coa lingua. Evitamos o emprego das linguas propias (galego e/ou castelán) para minimizar a tradución e a interferencia co italiano, xa que son linguas moi próximas. Porén, servímonos de imaxes, indicacións físicas ou xestualidade para mostrar significados e tamén da simplificación estrutural para adaptar o contido ás posibilidades expresivas dos/as aprendices. Deste xeito, traballamos contidos funcionais e estratéxicos necesarios na expresión do idioma. Alén diso, empregaremos outras linguas estranxeiras ou as propias para realizar tarefas de mediación na aula. Con todo isto, integramos unha ampla variedade

de destrezas: actividades de comprensión, producción, coproducción e mediación, tanto orais como escritas para levarmos a cabo as distintas tarefas comunicativas.

Coa finalidade de formar falantes competentes e autónomos/as, revisaremos a nosa metodoloxía a través da formación permanente e tentando que sexa o alumnado o actor principal da súa aprendizaxe. Calquera método, medio ou material didáctico empregado na aula ou fóra dela debe resultar motivador para lograr unha aprendizaxe significativa.